

GREGO

(1º - 2º Bacharelato Humanidades e CC. Sociais)

PROXECTO CURRICULAR

Autoría: José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde De Cal Cortina

Baía Edicións

INTRODUCCIÓN: A MATERIA DE GREGO NO CURRÍCULO GALEGO

O Decreto 231/2002, de 6 de xuño (publicado no DOG nº 135, do 15 de xullo), que establece o Currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, manifesta que a materia de Grego se concibe nos dous cursos de Bacharelato como unha introdución xeral á lingua grega antiga, máis concretamente ao ático clásico dos séculos V-IV a. C., a través de textos orixinais –aínda que durante o primeiro curso precisarán retoques que os fagan accesíbeis–. A lingua será o vehículo privilexiado de acceso aos contidos culturais, literarios, relixiosos, históricos etc., polo que na súa aprendizaxe se considerará prioritaria non só a morfoloxía, senón a formación e derivación de palabras, a sintaxe e o léxico.

Non se trata só de que a alumna ou o alumno aprenda grego, senón de que sexa así máis consciente das raíces históricas da súa propia lingua e cultura. Tales obxectivos enténdense referidos aos dous cursos: o primeiro deberá ser introdutorio; o segundo, de afondamento e ampliación.

Neste mesmo decreto establécense os obxectivos xerais da materia e os contidos e criterios de avaliación para os dous cursos, que tamén indicamos a continuación:

Obxectivos

- Coñecer e utilizar os fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega e iniciarse na interpretación e tradución de textos de complexidade progresiva.
- Coñecer o léxico científico e técnico das linguas de uso a partir do coñecemento do vocabulario grego.
- Adestrarse en técnicas sinxelas da análise filolóxica mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das distintas linguas, así como no manexo e comentario de textos gregos diversos.
- Introducirse nun coñecemento xeral dos distintos xéneros literarios.
- Aproximarse ó mundo histórico, cultural, relixioso, político, filosófico, científico, etc. da antigüidade grega, a través da súa lingua e das súas manifestacións artísticas.
- Recoñecer e valora-los factores culturais herdados dos gregos que se converteron en patrimonio universal.

Contidos 1º Curso

I. A lingua grega

- Do indoeuropeo ó grego moderno: historia da lingua grega. Os dialectos antigos. O xónico-ático. A koiné. O grego moderno.
- O alfabeto grego na historia da escritura. Orixes e características. A súa relación co alfabeto fenicio e con outros alfabetos. Pronunciación convencional e escritura. Signos ortográficos. Clasificación dos sons. Principios de fonética. Normas de transcripción ó latín e ó español. Lectura fluída.
- Flexión nominal e pronominal: paradigmas máis frecuentes. Forma e función.
- Introducción ó sistema verbal grego. Formas regulares e irregulares máis frecuentes.
- Sintaxe dos casos e da oración. Preposicións e partículas.

II. Os textos gregos e a súa interpretación

- Iniciación ás técnicas de tradución.
- Lectura comprensiva de fragmentos xa traducidos. Achegamento ó contido histórico, social e cultural dos textos.
- Comentario de texto.
- Relación das estruturas morfolóxicas e sintácticas coas do latín, o español, o galego e as linguas modernas que coñezan.

III. O léxico

- Morfema e palabra. As clases de palabras. Significado léxico e gramatical.
- Aprendizaxe do vocabulario grego básico.
- Formación de palabras: derivación e composición.
- Estudio de raíces gregas no vocabulario común das linguas modernas, especialmente no español e no galego.
- Cultismos. Vocabulario científico e técnico.

IV. Grecia e o seu legado

- Coordenadas xeográficas e históricas de Grecia.
- Os descubrimentos arqueolóxicos. A Grecia antiga e a Grecia actual. Historia da conservación dos restos arqueolóxicos. A transmisión dos textos gregos.
- A cidade grega. Formas de goberno: monarquía, oligarquía e democracia. Comparación das institucións gregas antigas coas actuais.
- A relixión grega: o mito, as festas, o culto e os xogos.
- A vida cotiá. Educación.
- A literatura grega. Xéneros literarios: a dramática, a épica, a lírica, a oratoria, a filosofía e a historiografía.
- Presenza grega en España e en Galicia.
- Repercusión do mundo grego na cultura actual.

V. Actitudes, valores e normas

- Interese e valoración da lingua grega pola súa aportación ó vocabulario común e culto das linguas modernas
- Interese por descubri-los prefixos máis frecuentes dos que se serven as linguas modernas no seu proceso de creación de vocábulos científicos, técnicos ou de cultura en xeral.

Contidos. 2º Curso

I. A lingua grega

- Revisión da flexión nominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da flexión verbal. Os temas de aoristo, de futuro e de perfecto. Os verbos atemáticos.
- Afondamento na sintaxe: sintaxe dos casos e das preposicións.
- Os usos modais. A subordinación.

II. Os textos gregos e a súa interpretación

- Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución.
- Uso do dicionario.
- Comentario de textos gregos orixinais, preferentemente en ático e na *koiné*.

III. O léxico grego

- Profundar na aprendizaxe do vocabulario.

IV. A literatura grega

- Afondamento nos xéneros literarios gregos a través de textos orixinais e traducidos.
- Influencia da literatura grega nas literaturas occidentais.

V. Actitudes, valores e normas

- Interese por coñecer e valorar aqueles elementos que persisten nas culturas occidentais.
- Interese por coñecer os textos gregos orixinais.
- Valoración dos elementos da cultura grega que se manteñen e inflúen na cultura occidental: literatura, relixión, formas de goberno, espírito científico e institucións.
- Criterios de avaliación
- Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfosintácticos imprescindíbeis para a súa interpretación.
- Traducir e comentar textos gregos coa axuda do dicionario, comprendendo o seu sentido xeral.
- Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.
- Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso, manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente.
- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñecer as súas estruturas básicas diferenciadoras.

A NOSA PROPOSTA: XENERALIDADES

Dado que, na práctica e tal e como define o Decreto, a optativa de 2º debe profundar nos contidos de 1º, nós cremos máis conveniente traballar cun só libro de texto para o Bacharelato polas seguintes razóns:

1. Permite adaptarse aos diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe do alumnado, perde a rixidez propia dun libro máis pechado.
2. Trata con amplitude os contidos establecidos para aquelas alumnas e alumnos que non elixan a materia como optativa no Segundo Curso.
3. É suficiente para quen queira traballar con el en Segundo do Bacharelato.

Parece conveniente que a aprendizaxe se faga desde o primeiro momento sobre textos gregos de complexidade progresiva, organizados por unidades temáticas de modo que se presten ao comentario non só lingüístico, senón tamén histórico-cultural. Tales textos han de permitir a aprendizaxe simultánea da flexión, a sintaxe, a formación de palabras e o vocabulario.

Desaconsellamos o uso do dicionario durante o primeiro curso, para que o alumnado se habitúe á análise gramatical previa e, por medio da comparación con helenismos da nosa lingua, consolide un vocabulario grego de uso frecuente. É por iso que incluímos en cada unidade unha serie de listados co vocabulario necesario.

A profesora ou profesor sinalará lecturas de obras literarias gregas traducidas para comentar na clase.

No segundo curso parece aconsellábel que a selección de textos se centre sobre todo na prosa ática e na *koiné*, sen descartar textos poéticos sinxelos. Poden encontrarse textos adecuados en obras de Xenofonte, en diálogos platónicos da primeira época, en oradores áticos, sobre todo Lisias, en Luciano e no Novo Testamento. Para autores formalmente máis complexos recorrerase a traducións. Ademais dos textos incluídos no propio libro de texto, recomendamos traballar coa selección de textos de Xenofonte recollida baixo o título *Xenofonte. Antoloxía de textos gregos*

Relacionaranse os contidos lingüísticos e os culturais: a necesaria reflexión gramatical debe partir da observación dos propios textos. Atenderase especialmente aos aspectos literarios. Iniciarase ao alumnado nas técnicas do uso do dicionario grego.

Alumnas e alumnos poderán realizar individualmente ou por grupos algún pequeno traballo baseado en fontes e actividades complementarias fóra da aula (museos, monumentos, representacións teatrais etc.).

OBXECTIVOS XERAIS

A materia de Grego no Bacharelato debe proporcionar ao alumnado unha base lingüística e cultural que lle facilite a orientación e o acceso a licenciaturas de Humanidades. Por outra banda, debe contribuír á madurez persoal mediante o desenvolvemento das cualidades que potencia o humanismo grego, como son o espírito crítico, a curiosidade intelectual, a autorreflexión etc...

Os obxectivos xerais da materia, propostos xa no DCB correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia, como indicamos con anterioridade, pódense contextualizar nos seguintes enunciados:

- Coñecer e comprender o significado dos principais temas cotiás que conforman a vida individual e social dos antigos gregos a partir de textos e representacións plásticas.
- Relacionar estes temas co mundo actual.
- Achegarse aos principais mitos gregos e á súa persistencia.
- Coñecer e usar os principais elementos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos da lingua grega.
- Dominar un vocabulario básico que permita acceder a textos clásicos e á identificación dos helenismos do vocabulario actual.
- Aplicar correctamente as normas fundamentais da transcripción.
- Traducir frases e textos gregos dunha dificultade adecuada.
- Coñecer a cultura e a civilización gregas a partir das testemuñas literarias e artísticas para unha mellor comprensión do pensamento político, social e cultural de Occidente.
- Plasmar a persistencia do mundo grego, especialmente na cultura galega.
- Coñecer e manexar bibliografía adecuada aos temas culturais.
- Aprender a facer traballos escolares de forma individual e colectiva.
- Dar resposta aos distintos niveis de aprendizaxe do alumnado.

CONTIDOS E FORMA DE PRESENTALOS

O libro está estruturado en **doce unidades didácticas**, e a experiencia permítenos dicir, a modo de orientación, que é suficiente ver as sete primeiras no primeiro curso. Ao final do libro leva unha **Antoloxía de textos gregos**, **Paradigmas** e un **Vocabulario**.

Cada unidade consta de tres partes interrelacionadas entre si: dúas referidas principalmente a aspectos culturais e unha máis centrada na lingua. Todas inclúen actividades. Nunha *Primeira Parte*, que dá título á unidade, ofrécese información sobre o mundo cotián e mitolóxico a través de textos traducidos e imaxes artísticas gregas; a continuación. E baixo o nome de **Persistencia do mito**, preséntanse textos e obras de arte que amosan a súa influencia na cultura galega e foránea. Incorporáanse tamén actividades e suxestións de ampliación.

A *Segunda Parte* é a especificamente gramatical. Ten explicacións breves e abundantes exercicios. Tradúcense primeiro frases e, progresivamente, textos orixinais. Inserimos unhas listas de **vocabulario** de "máxima frecuencia" –feito a partir dos autores máis representativos–, pois consideramos que a súa aprendizaxe facilita o achegamento aos textos. Cada lista vai acompañada de diversas actividades (antónimos, derivación, helenismos, familias léxicas,...) para unha máis doada e rápida adquisición de coñecementos léxicos. No segundo curso de Bacharelato é necesario que o alumnado ademais se familiarice co uso do dicionario.

Nesta parte hai tamén un apartado denominado **E se queres avanzar máis...**, no que se oferta material de ampliación que permite adecuarse aos distintos niveis de coñecemento adquiridos polo alumnado.

A *Terceira* é a parte histórica e cultural, presentada por medio dunha **viaxe**, co apoio de imaxes e textos. Inclúe actividades e suxestións de ampliación, así como referencias de libros, películas, CD-ROM e enderezos da Internet.

Todas as unidades levan **exercicios de recapitulación**. A 4, 8 e 12 inclúen, ademais, unha **autoavaliación**. Pode recorrerse a esta parte para insistir nalgún punto da materia ou mesmo para exames.

Índice

Unidade 1. O amor (ἔρως)

I. O amor (ἔρως)

Eros. Persistencia do mito

II. A lingua grega

1. O indoeuropeo
2. Breve historia da lingua grega
3. O alfabeto
4. Signos de acentuación e puntuación
5. Clasificación dos fonemas
6. Transcrición

III. Viaxe a Grecia: Ελλάς

Unidade 2. O mar (θάλαττα)

I. O mar (θάλαττα)

Poseidón. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Valor e uso dos casos (I)
2. O artigo
3. Os temas en -a (1ª declinación)
4. Os temas en -o (2ª declinación)

III. Sistema verbal

O presente de indicativo activo de εἶμι e λυῶ

IV. Viaxe a Grecia: Creta

Unidade 3. A morte (θάνατος)

I. A morte (θάνατος)

Hades. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. O adxectivo (primeira clase)
2. Os pronomes (I): demostrativos
3. As oracións nominais

III. As preposicións (I)

IV. Sistema verbal

1. Futuro de indicativo activo: λυῶ
2. Imperfecto de indicativo activo: ἔειμι

3. Aoristo de indicativo activo: λύω
4. Perfecto e pluscuamperfecto de indicativo activo: λύω

V. Viaxe a Grecia: Micenas

Unidade 4. A muller (γυνή)

I. A muller (γυνή)

Pandora e Afrodita. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Os pronomes (II): persoais e αυτων"
2. Valor e uso dos casos (II)
 - a. O dobre acusativo
 - b. O dativo posesivo

III. As preposicións (II)

IV. Sistema verbal

1. O infinitivo (I)
 - a. O infinitivo de presente activo
 - b. Sintaxe: o infinitivo concertado

V. Viaxe a Grecia: Troia

Unidade 5. O deporte (γυμναστική)

I. O deporte (γυμναστική)

Hermes. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Terceira declinación (I)
 - a. Consideracións xerais
 - b. Temas en consoante oclusiva
2. Os pronomes (III)
 - a. Posesivos
 - b. Relativos
3. As oracións de relativo

III. Sistema verbal

1. A voz media e a voz pasiva
2. Desinencias medio-pasivas
3. Sintaxe da voz pasiva: o complemento axente

IV. Viaxe a Grecia: Olimpia

Unidade 6. A relixión (τὰ περὶ τῶν θεῶν)

I. A relixión (τὰ περὶ τῶν θεῶν)

Apolo e Ártemis. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Terceira declinación (II): Temas en soante
 - a. Temas en líquida
 - b. Temas en nasal
2. Os pronomes (IV)
 - a. Indefinidos
 - b. Interrogativos
 - c. Numerais
3. Valor e uso dos casos (III): O xenitivo partitivo

III. O Oráculo

IV. As preposicións (III)

V. Sistema verbal

1. O infinitivo (II)
 - a. Infinitivo presente medio-pasivo
 - b. Sintaxe

VI. Viaxe a Grecia: Lesbos

Unidade 7. A guerra (πόλεμος)

I. A guerra (πόλεμος)

Ares. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Terceira declinación (III): Temas en -nt
2. Os adxectivos (II): os adxectivos irregulares: πολυ", μέγγα"
3. Os graos dos adxectivos: comparativos e superlativos
 - a. O adxectivo en grao comparativo
 - b. O adxectivo en grao superlativo

III. Sistema verbal

1. O participio (I)
 - a. Participio presente
 - b. Uso nominal do participio
 - c. Uso verbal: o participio concertado
2. O aumento
 - a. O aumento e os seus tipos
 - b. O aumento nos verbos compostos

IV. Viaxe a Grecia: Esparta

Unidade 8. A arte (τέχνη)

I. A arte (τέχνη)

Atenea. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Terceira declinación (IV): temas en silbante
 - a. Substantivos neutros en -ο"
 - b. Substantivos e adxectivos en -η"
2. Valor e uso dos casos (IV): complementos circunstanciais sen preposición
 - a. A expresión no tempo
 - b. A extensión no espazo
 - c. O acusativo de relación

III. Sistema verbal

1. Os modos verbais
 - a. O subxuntivo
 - b. Optativo
 - c. Imperativo
2. O infinitivo (III)
 - a. Cadro xeral
 - b. A construción persoal

IV. Viaxe a Grecia: Atenas (I)

Unidade 9. As festas (ἑορταί)

I. As festas (ἑορταί)

Dioniso. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Terceira declinación (V)
 - a. Temas en vocal
 - b. Temas en ditongo
2. Os adxectivos (III): esquema xeral

III. As conxuncións coordinadas

IV. Sistema verbal

1. Verbos contractos
2. A reduplicación
3. Réxime especial dalgúns verbos

V. Viaxe a Grecia: Atenas (II)

Unidade 10. A xustiza (δίκη)

I. A xustiza (δίκη)

1. Zeus. Persistencia do mito

II. Sistema nominal

1. Cadro xeral da terceira declinación
2. Usos do artigo

III. Sistema verbal

1. O participio (II)
 - a. O participio de futuro, aoristo e perfecto
 - b. Uso verbal do participio: non concertado e completivo
2. O aoristo radical

IV. Viaxe a Grecia: Atenas (III)

Unidade 11. O matrimonio (γάμος)

I. O matrimonio (γάμος)

Hera e Hefesto. Persistencia do mito

II. As proposicións subordinadas

1. Substantivas
 - a. Substantivas introducidas por medio de conxuncións
 - b. Substantivas introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos e pola conxunción “ei”
 - c. Substantivas de infinitivo
 - d. Substantivas de participio
2. Circunstanciais (I)
 - a. Causais
 - b. Temporais
 - c. Finais
 - d. Consecutivas

III. As preposicións (IV)

IV. Sistema verbal

1. Verbos oclusivos (ou mudos)
2. Verbos líquidos

V. Viaxe a Grecia: Macedonia

Unidade 12. Os heroes (οἱ ἥρωες)

I. Os heroes (οἱ ἥρωες)

II. As proposicións adverbiais

- a. Comparativas
- b. Condicionais
- c. Concesivas

III. O adverbio

IV. Sistema verbal

1. Clasificación xeral
2. Os verbos atemáticos ou en -mi
 - a. Verbos atemáticos radicais (sen reduplicación nin reforzos)
 - b. Verbos atemáticos con reduplicación -i
 - c. Verbos atemáticos con sufixo -nu

V. Fin da viaxe: Os gregos na Península Ibérica

Apéndices

I. Antoloxía de textos

II. Paradigmas

III. Vocabulario

PROCEDEMENTOS

- Análise e síntese de textos literarios relacionados coa cultura grega.
- Visión e análise de obras plásticas relacionadas co mundo grego.
- Comparación do mundo grego co actual, en especial co galego.
- Comprobación da incidencia dos mitos na formación de palabras e frases, na literatura e na arte.
- Localización e uso de bibliografía recomendada.
- Lectura e escritura en grego.
- Análise dos principais fenómenos fonéticos.
- Análise morfosintáctica de palabras, frases e textos gregos.
- Comparación das estruturas morfosintácticas gregas coas do latín e demais linguas coñecidas.
- Tradución directa e inversa de frases e/ou textos dunha dificultade progresiva sen necesidade da axuda de dicionario.
- Tradución directa de textos de dificultade media coa axuda de dicionario.
- Estudo dun vocabulario básico de "máxima frecuencia".
- Realización de exercicios de vocabulario nos que a alumna ou o alumno se familiarice coas regras xerais de transcripción, derivación e composición.
- Dedución de significados a través da relación de palabras da mesma familia léxica.
- Confección de fichas coas familias léxicas máis produtivas e cos helenismos correspondentes.
- Busca de significados no vocabulario xeral e/ou en dicionarios.
- Recompilación de helenismos utilizados en libros de texto de bacharelato ou xornais para unha posterior análise e clasificación.
- Lectura individual de obras literarias traducidas.

- Comparación de helenismos nas linguas modernas coñecidas.
- Memorización de poemas ou máximas en versión orixinal ou traducidas.
- Representación ou lectura escenificada dunha obra teatral.
- Realización individual ou grupal de traballos de investigación sobre temas relativos ao mundo grego.
- Elaboración de encrucillados, pasatempos, poesías, murais, vídeos etc... sobre a cultura grega.
- Exposición oral de traballos.
- Localización nun mapa de lugares, personaxes, obras artísticas, acontecementos históricos e feitos culturais.

ACTITUDES

- Participación e espírito crítico nos debates propostos.
- Cooperación entre todas as persoas da aula para facer unha clase máis dinámica e atractiva.
- Interese en atopar novos materiais que amosen a persistencia da cultura grega, especialmente en Galicia.
- Valoración da importancia da comunicación escrita e das obras de arte como vehículos transmisores de cultura.
- Preocupación por realizar con rigor os traballos de investigación.
- Afán por ser ordenado e limpo nos traballos.
- Interese por coñecer calquera fenómeno na súa manifestación orixinaria.
- Esfuerzo por alcanzar unha boa lectura e caligrafía en grego.
- Interese pola lingua grega como medio para un mellor coñecemento da súa propia.
- Respecto polas demais linguas.
- Manexo da bibliografía recomendada.
- Esfuerzo por aprender os paradigmas morfolóxicos.
- Empeño por superar as dificultades propias dunha tradución.
- Interese en facer unha tradución coidada.
- Esfuerzo por rematar as traducións.
- Afán pola precisión na linguaxe.
- Valoración da importancia do caudal léxico de orixe grega no mundo científico e técnico.
- Valoración da cultura grega e a súa achega á cultura occidental.
- Interese pola comparación de aspectos da historia antiga e da actual.
- Constancia na realización cotiá das tarefas encomendadas.
- Aprecio e sensibilidade coas manifestacións artísticas e literarias.
- Actitude crítica ante os feitos históricos, artísticos e literarios.
- Interese por ampliar os coñecementos básicos.

TEMAS TRANSVERSAIS

Unha forma de atender o desenvolvemento integral do alumnado é a través do desenvolvemento interdisciplinar dos contidos transversais. A mellor forma de tratalos é integrándoos nos contidos conceptuais da materia. Así, por exemplo, o tema transversal da *educación para a saúde* trátase con motivo do estudo do deporte na Grecia antiga; a *educación para a igualdade de oportunidades entre os xéneros* trátase con motivo do estudo da situación da muller grega; a *educación cívica e moral* trátase ao estudar as distintas formas de pensamento filosófico e político da antiga Grecia etc...

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe das alumnas e alumnos debe levarse a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- Observación do traballo diario.
- Probas específicas.
- Realización de tarefas puntuais.

Traballo diario

O labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario da alumna ou alumno mediante:

- Preguntas frecuentes na aula.
- Seguimento do caderno de actividades.
- Control de asistencia e puntualidade.
- Observación do grao de participación na clase.
- Valoración da actitude.

Deste xeito, a profesora ou profesor observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes do alumnado e poderá atendelaos axeitadamente.

Probas específicas

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insalvável para o alumnado que traballou acotío. Poderán facerse:

- Probas escritas ou orais.
- Probas sen previo aviso.
- Probas fixadas xa de antemán ao principio do trimestre.

Tarefas puntuais

É importante que a alumna ou alumno se achegue á literatura clásica directamente, así como que controle os mecanismos para facer traballos de investigación. Isto só é posíbel fóra das horas lectivas. Valorarase:

- A puntualidade na data de entrega prevista.
- A presentación do traballo.
- A comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
- A elaboración persoal.
- A exposición oral.

As probas terán un valor máximo do 60% da nota da avaliación, reservando un 20% para o traballo diario e o resto para as tarefas puntuais.

Contidos mínimos

O alumnado deberá dominar, polo menos, os seguintes contidos:

- Principais deuses olímpicos e heroes gregos.
- Marco xeográfico, histórico e cultural da Grecia antiga.
- O alfabeto.
- As tres declinacións.
- O adxectivo. Comparativos e superlativos.
- Os pronomes gregos máis comúns.
- As principais preposicións.
- Os verbos λύω e εἰμί.

Criterios mínimos de avaliación

- Identificar os principais deuses e heroes, así como os seus poderes, atributos e mitos.
- Localizar nun mapa mudo os principais lugares da Grecia antiga.
- Situar historicamente os personaxes, sucesos e obras máis destacadas da cultura grega.
- Ler con soltura un texto grego.
- Transcribir palabras gregas ao galego.
- Declinar os substantivos, adxectivos e pronomes máis comúns.
- Conxugar as principais formas regulares do verbo grego.
- Traducir frases sinxelas sen dicionario.
- Analizar os helenismos dunha relación léxica determinada.
- Realizar aqueles traballos puntuais encomendados.
- Asistir a clase e realizar con regularidade os exercicios propostos.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁTICOS

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que na maioría das veces se basean en soportes informáticos, escritos ou visuais. Internet é unha fonte de información, dados os rápidos e continuos avances que se están a producir nas ciencias experimentais na actualidade, que cada vez se fará máis imprescindible para obter datos, ampliar informacións, contactar con organismos etc.

Así mesmo, a fin de dotar ao alumnado dun material de gran utilidade para a axuda na adquisición de coñecementos complementarios e na consolidación de aspectos achegados na aula, de visión de películas sobre a Grecia clásica e contemporánea e de audición de cancións gregas populares, valoramos de especial significación as seguintes publicacións de **José Manuel Bértolo Ballesteros** e **Matilde De Cal Cortina**, incluídas na colección *Mitología clásica en Galiza* editada por Baía Edicións, tituladas: ***Os deuses do Olimpo*** (2005), ***As divindades menores*** (2005) e ***Os heroes*** (2006).

Textos recomendados:

Baía Edicións (2007), **Grego. 1º-2º Bacharelato**. Autoría: **José Manuel Bértolo Ballesteros** e **Matilde De Cal Cortina**, especialmente deseñado para o bacharelato en Galicia.

Baía Edicións (2006), **Xenofonte. Antoloxía de textos gregos**. Autoría: **José Manuel Bértolo Ballesteros icente** e **Matilde De Cal Cortina**, especialmente deseñado para o segundo curso de bacharelato en Galicia.